

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP PLURILINGÜE CASTRELO DO VAL
CURSO: 3º EDUCACIÓN PRIMARIA
MATERIAS: MATEMÁTICAS, LENGUA, LINGUA, NATURAIS E
SOCIAIS
DATA: 11 de maio de 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles (MATEMÁTICAS)	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
1- Realizar multiplicaciones de dos y tres cifras.	1.1. Sabe las tablas de multiplicar del 1 al 9. 1.2. Sabe resolver multiplicaciones de dos cifras y tres cifras.
2- Leer, escribir, ordenar y descomponer números de cuatro y cinco cifras.	2.2. Lee, escribe y ordena números de cuatro y cinco cifras. 2.3. Descompone números en unidades de millar, millares, centenes, decenas y unidades.
3- Calcular sumas y restas de decenas, centenas y millares.	3.3. Calcula sumas y restas de decenas, centenas y millares.
4- Realizar problemas de varias operaciones.	4.4. Realiza varios cálculos para resolver problemas razonando cuáles utiliza y comprueba que los hace correctamente.
5- Realizar divisiones con divisor de una cifra.	4.1. Realiza divisiones con divisor de una cifra en la que la primera cifra del dividendo es mayor o igual que el divisor. 4.2. Realiza divisiones con divisor de una cifra en la que la primera cifra del dividendo es menor que el divisor. 4.3. Realiza divisiones con ceros en el cociente.
6- Reconocer y clasificar diferentes polígonos.	6.1. Reconoce y clasifica un polígono según su número de lados. 6.2. Diferencia entre triángulo equilátero, isósceles y escaleno.
7- Conocer las distintas unidades de medida	8.1. Reconoce y utiliza las unidades de medida: centímetro, metro, milímetro y kilómetro. 8.2. Reconoce y utiliza las unidades de medida: gramo y kilogramo. 8.3. Reconoce y utiliza las unidades de medida: litro y centilitro.
8- Conocer y emplear las medidas de tiempo	9.1. Conoce y emplea en situaciones cotidianas las unidades de tiempo horas, minutos y segundos. 9.2. Sabe interpretar las horas, minutos y segundos en un reloj de agujas y en uno digital

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 3 DE 35	CENTRO: CEIPO PLURILINGÜE CASTRELO DO VAL CURSO: 3ª EDUCACIÓN PRIMARIA MATERIA: MATEMÁTICAS, LINGUA, LENGUA, NATURAIS E SOCIAIS
---	----------------	---

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles (LENGUA)	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
1- Leer y comprender distintos tipos de textos.	1.1. Lee y comprende el contenido de un texto.
2- Redactar diferentes tipos de textos.	2.1. Redacta distintos tipos de textos siguiendo un orden y coherencia, tales como: una carta, una receta, una descripción, una experiencia personal...
3- Conocer y utilizar distintos elementos gramaticales.	3.1. Conoce y utiliza en sus producciones elementos de la gramática como: - El sustantivo, su género y número. - Los artículos y demostrativos. - Los posesivos. - Los adjetivos. - Los pronombres personales. - El verbo.
4- Adquirir y ampliar vocabulario.	4.1. Conoce y utiliza en sus producciones vocabulario como: - Palabras colectivas, familias de palabras, aumentativos y diminutivos.
5- Conocer y utilizar algunas normas de ortografía.	5.1. Conoce y utiliza en sus producciones normas ortográficas como: - Palabras terminadas en “y”. - Los signos de interrogación y exclamación. - El uso de la coma y los dos puntos. - Palabras terminadas en “z” y “d” - Las palabras “ha” y “a”.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles (LINGUA)	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
1- Ler e comprender distintos textos.	1.1. Le e comprende o contido de distintos textos.
2- Redactar distintos tipos de textos.	2.1. Redacta distintos tipos de textos seguindo unha orde e con coherencia, tales como: unha carta, unha receita, unha descrición, unha experiencia persoal...
3- Coñecer e empregar distintos elementos gramaticais.	3.1. Coñece e emprega nas súas producións elementos da gramática tales como: - O substantivo, o seu xénero e número. - Os artigos e as súas contraccións. - Os posesivos. - Os demostrativos. - Os adxectivos. - Os pronomes persoais. - O verbo.
4- Coñecer e empregar distintas normas de ortografía.	4.1. Coñece e emprega nas súas producións normas ortográficas tales como: - Palabras con “h”. - Palabras con “b”. - Palabras con “v”. - O emprego da coma e os dous puntos. - Palabras con “x” e con “s”. - Palabras con “x” e con “ll”.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles (NATURAIS)	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
1- Os animais: - Coñecer e diferenciar as funcións vitais dos animais. - Diferenciar entre animais vertebrados e invertebrados.	1.1. Coñece as funcións de relación, reprodución e alimentación dun ser vivo e as explica. 1.2. Describe características principais de animais vertebrados e invertebrados e identifica animais dentro destes grupos. 1.3. Identifica e clasifica animais segundo o medio, a alimentación ou forma de reproducirse.
2- As plantas: - Identificar e clasificar plantas do seu contorno próximo e recoñecer as súas partes e características principais. - Recoñecer as funcións vitais das plantas.	2.1. Identifica as partes dunha planta e as clasifica en grupos segundo as súas características. 2.2. Recoñece e describe as funcións vitais das plantas.
3- Os animais e plantas na natureza: - Identificar e distinguir os distintos tipos de vexetación. - Recoñecer e clasificar os animais segundo o lugar onde viven. - Coñecer animais e plantas de Galicia.	3.1. Identifica e distingue distintos tipos de vexetación tales como bosque, matogueira, praderia ou deserto. 3.2. Recoñece e clasifica os animais segundo o lugar onde vivan, en acuáticos ou terrestres. 3.3. Coñece algún animal ou plantas típicos de Galicia e explica as súas características.
4- A materia: - Coñecer as propiedades e estados da materia. - Coñecer os diferentes estados da auga.	4.1. Coñece cales son as propiedades da materia e distingue entre os estados nos que pode estar a materia. 4.2. Coñece que a auga pode estar en estado sólido, líquido e gasoso e cales son os procesos polos cales pasa dun estado a outro.
5- As máquinas: - Coñecer para que se usan as máquinas e os diferentes tipos que hai.	5.1. Coñece o que é unha máquina e cales son as características das máquinas sinxelas e máquinas compostas.

--	--

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles (SOCIAIS)	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
1- As paisaxes: - Coñecer y diferencias as distintas formas do relevo. - Diferenciar entre paisaxes naturais e transformadas. - Recoñecer as causas do deterioro das distintas paisaxes.	1.1. Coñece e diferencia as distintas formas do relevo tales como as montañas, serras, cordilleiras, chairas, depresións, mesetas... 1.2. Diferencia entre unha paisaxe natural e unha transformada e explica as súas diferenzas. 1.3. Recoñece e indentifica cales son as causas do deterioro das paisaxes.
2- A localidade e o Concello: - Coñecer as características de vilas, aldeas e cidades. - Coñecer o goberno do municipio: concello.	2.1. Coñece as distintas características entre aldeas, vilas e cidades tales como as súas casas, rúas, servizos, poboación, etc. 2.2. Coñece o que é un concello, os seus traballadores, as súas funcións, os servizos munipais.
3- Os traballos na natureza: - Coñecer e clasificar os distintos sectores do traballo. - Distinguir entre traballos que obteñen produtos animais e vexetais.	3.1. Coñece distintos traballos e os clasifica segundo pertencen ao sector primario, secundario ou terciario. 3.2. Distingue entre tarefas de agricultores, gandeiros e pescadores.
4- Os traballos nas fábricas e os servizos: - Diferenciar os distintos traballos do sector secundario. - Diferenciar os distintos traballos do sector terciario.	4.1. Diferencia as características dos traballos nas fábricas, os artesanais e os da construción. 4.2. Diferencia as características dos distintos servizos que conforman o sector terciario.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	Procedementos: Nun principio envíaaba as tarefas a realizar a través do servizo de mensaxería Tokapp a todas as familias e asegúrabame de que todos estivesen ao tanto de todo a través das súas respostas, logo unha vez que se elaborou a páxina web do centro, xa empecei a colgar alí todas as actividades de forma diaria. Intento reforzar os contidos dados nos anteriores trimestres e os contidos novos que poño sempre teño en conta que os alumnos os poden adquirir sen dificultade a través da explicación do libro e de vídeos educativos, se hai algún contido que considero que non o van a adquirir pola súa dificultade, prefiro deixalo para cando os alumnos volvan ás clases presenciais.
	Instrumentos: Para poder avaliar neste trimestre guiareime polas fotos que me envían as familias a través do meu correo electrónico das tarefas que lles vou mandando: - Exercicios na libreta relacionados cos temas. - Fichas con preguntas tipo test. - Fichas con preguntas a desenvolver. - Elaboración de esquemas e resúmenes. - Envío de correspondencia entre o alumno e a mestra. Tamén me guiarei polas súas respostas ou non as actividades que propoño, pola súa participación nas actividades da aula virtual e nos xogos creados especificamente para a páxina web do centro.
Cualificación final	Para obter a cualificación final partirei das notas do segundo trimestre, pero terei en conta o esforzo e o traballo realizado polos alumnos neste atípico trimestre e aqueles que participen de forma activa nas tarefas que propoño cada día poderán subir esa nota (ata un máximo dun punto), iso fareino a través da valoración da súa libreta, de fichas e da súa participación nas actividades propostas.
Proba extraordinaria de setembro	
Alumnado de materia pendente (non hai <u>alumnos con</u>)	Criterios de avaliación:
	Criterios de cualificación:

<u>materia</u> <u>pendente)</u>	
	Procedementos e instrumentos de avaliación:

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	• Fichas de repaso, reforzo e ampliación. • Cadernos de divisións e multiplicacións. • Xogos educativos creados polo propio centro para practicar os contidos traballados (multiplicación, división, moedas...) • Visualización de vídeos explicativos. • Correspondencia entre alumno e mestra. • Exercicios do libro na libreta. • Fichas de preguntas tipo test. • Ditados. • Elaboración de esquemas.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Todas estas actividades fágollas chegar aos meus alumnos a través da páxina web do centro e tamén emprego o servizo de mensaxería Tokapp para enviarlle as actividades. Na páxina web do centro colgo as actividades de forma diaria, seguindo un ritmo e unha continuidade. Cada día colgo actividades soamente de dúas materias para non sobrecargar ao alumnado, explicando o que teñen que facer e pondo en ocasións vídeos educativos sobre o tema, tamén lles poño un solucionario para que as familias poidan axudarlles aos nenos. A través do meu correo electrónico e nalgúns casos a través do whatsapp do móbil do centro as familias fanme chegar as actividades realizadas que eu procedo a correxir. A maioría do meu alumnado ten acceso a internet e impresora nas súas casas, polo que poden acceder ao material que lles envío. O Concello de Castrelo do Val tamén deu a opción de imprimir o material que fose necesario para aquelas familias que non dispoñan de impresora.
Materiais e recursos	<u>Materiais e recursos da mestra:</u> Dispoño dun ordenador e de conexión a internet para poder empregar un servizo de mensaxería, para acceder ao meu correo electrónico e para acceder a todos os recursos dixitais da miña editorial e así poder seguir o ritmo de traballo neste trimestre. E tamén para poder acceder a todos os recursos multimedia e escoller aqueles que se axeitan ao que quero traballar en cada momento. <u>Materiais e recursos dos alumnos:</u> • Libros e libreta. • Cadernos de divisións e multiplicacións. • Conexión a internet e impresora. • Páxina web do centro: Educastrelo.com

	• Materiais dixitais da editorial (a todos os alumnos se lles entregou un usuario e contrasinal para poder traballar nos contidos dixitais). • Aula virtual. • Snnappet (no caso de dúas alumnas, xa que era opcional)

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	O procedemento que se emprega a nivel de centro para informar as familias e ao alumnado de todas as actividades é a través: • Da páxina “Educastrelo.com” • Do servizo de mensaxería Tokapp no cal as familias poden contestar as mensaxes enviadas, e deste modo podemos confirmar que son coñecedoras de todo o que se lles informa. • Do correo electrónico. • Do móbil do centro.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.

ADAPTACIÓNS DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS DOS ESPECIALISTAS CURSO 2019/2020

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: C.E.I.P. CASTRELO DO VAL
CURSO: TERCEIRO
MATERIA: RELIXIÓN CATÓLICA
DEPARTAMENTO: RELIXIÓN
DATA: 8 - 05 - 2020

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Saber en que consiste a acción creadora de Deus hoxe e como continúa creando e convida o home a colaborar con El. Todos podemos e debemos colaborar con Deus.	Recoñece o amor de Deus connosco ao crearnos á súa imaxe, enumerando aspectos valiosos das persoas (servizo, altruísmo, capacidade de inventiva...)
Descubrir como Xesús nos ensina que Deus é Pai misericordioso que sempre perdona ao que se arrepiante.	Identifica algúns feitos e palabras de Xesús que amosan o amor de Deus ao home.
Coñecer que todo canto fixo Xesús por nós é porque nos ama máis que ninguén e por iso quere que o sigamos e fagamos o que El fai. Tomar conciencia de que Xesús convidanos a segui-lo e a ser o seu discípulo. Seguir a Xesús é imitalle en todo.	Identifica en relatos vocacionais (María, Zaqueo, Pedro, Paulo) o cambio que lles produciu atoparse con Xesús e segui-lo.
Coñecer e valorar o mandamento de amar a Deus e ao próximo. O próximo é calquera persoa necesitada. Xesús acláranolo coa parábola do Samaritano. O amor de Xesús non exclúe nin sequera os inimigos.	Sabe aplicar na relación cos amigos e coa familia algúns valores xerados na persoa de Xesucristo, a humildade, o servizo, o amor.

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	Procedementos: Durante o presente trimestre o profesor enviará semanalmente, a través da páxina web do colexio, unhas serie de actividades de repaso e reforzo sobre os temas impartidos ao longo do curso presencial. As actividades, cumprimentadas, deben ser enviadas ao profesor ao seu correo de hotmail (jvillabril@hotmail.com) para poder ser corrixidas. O traballo feito neste trimestre en ningún caso pode minorar a nota obtida na 2ª avaliación, pero si que pode subila entre 0 e 1 punto. No caso daqueles alumnos que teñan as dúas avaliacións (1ª e 2ª) aprobadas, a nota final será como mínimo a da 2ª avaliación ca posibilidade de poder subila mediante os traballos deste trimestre. No caso daqueles alumnos que teñan algunha das dúas avaliacións suspensas, as actividades terán valor de recuperación da materia.
	Instrumentos: Envío de actividades a través de correo electrónico, páxina web. Uso adecuado do ordenador por parte do alumno como ferramenta telemática así como a utilización de Internet, de forma responsable e con axuda, para buscar información sinxela ou resolver unha actividade. Libro de texto, caderno do alumno, fichas para imprimir,.... Tarefas realizadas polo alumno na actividade diaria en casa, resolución de traballos e problemas.
Cualificación final	A cualificación final farase sobre as aprendizaxes desenvolvidas nos dous primeiros trimestres que nunca será inferior á nota da 2ª avaliación, así como tendo en conta as actividades de repaso, reforzo, ampliación ou no seu caso recuperación coas que o alumno ten opción de subir entre 0 e 1 punto na cualificación final, tendo en conta o esforzo realizado. Os alumnos que non dispoñan de medios para presentar os traballos do terceiro trimestre, terán a opción de presentar o seu caderno antes de rematar o trimestre, para poder subir nota.
Proba extraordinaria de setembro	
Alumnado de materia pendente	Criterios de avaliación:
	Criterios de cualificación:

	Procedementos e instrumentos de avaliación:

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	Audiovisuais (vídeos de youtube) Documentos PDF imprimibles con posibilidade de debuxar en folio se non hai posibilidade de imprimir. Fichas tipo preguntas – respostas, a partir de un texto previo de lectura e comprensión . Actividades interactivas utilizando internet de forma responsable e con axuda. Fichas recortables (manualidades) e para colorear. Actividades escritas no caderno ou libreta.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Semanalmente se envía a través da páxina web do colexio unha serie de actividades a desenrolar polos alumnos que unha vez realizadas deben ser remitidas ao profesor. O alumnado con conectividade pode realizar directamente as actividades e remitilas vía telemática, co seu nome, para ser corrixidas. O alumnado sen conectividade terá facilitado o acceso as actividades imprimibles a través do persoal do concello correspondente, que lles fará chegar aos domicilios dos alumnos as distintas tarefas a realizar. Estes alumnos terán a opción de presentar os cadernos ou os traballos antes de fin de curso, a fin de subir a súa nota. En todo caso, para os alumnos que neste terceiro trimestre traballen na casa, terase tamén en conta o esforzo realizado por eles mesmos, e non tanto que o traballo sexa presentado correctamente, dado que este traballo telemático non é obxectivo, e pode o alumno contar coa axuda dos pais .
Materiais e recursos	Ordenador. Libro de texto. Caderno do alumno. Páxina web. Tokapp Recursos dixitais na web (vídeos youtube, láminas imprimibles, manualidades, recortables...) Documentos PDF con fichas. Láminas para colorear. Folios. Material funxible.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	O procedemento que empregará o profesorado para informar ao alumnado e ás familias será mediante o envío de un tokapp no que se informa da publicación deste documento na páxina web do centro. Comprobarase que todas as familias reciben a notificación e se non é así, contactarase individualmente por medio de e-mail ou via telefónica con aqueles que non o leron
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro. Este documento de adaptación da programación didáctica así como as actividades propostas estarán a disposición das familias a través da páxina web do centro.

LINGUA EXTRANXEIRA: INGLÉS

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
- Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial e os puntos principais do texto.	- Asimila as ideas principais de presentacións simple e ben estruturadas sobre temas familiares ou de seu interese (por exemplo, animais, personaxes de contos), sempre e cando contén con imaxes e ilustracións e se fale de maneira lenta e clara.
- Identificar o sentido xeral, a información esencial e a maioría dos puntos principais en textos orais moi curtos e simples, con un gran número de estruturas simples e léxico de uso moi frecuente, articulados con claridad e lentamente e transmitidos oralmente ou por medios técnicos, sobre temas relacionados coas propias experiencias, necesidades e intereses en contextos cotiás previsibles sempre que se conte co apoio visual, posibilidade de repetición ou confirmación e cunha referencia contextual forte.	- Extrae o sentido xeral e captura os detalles esenciais das narracións orais adecuadas a seu nivel.
- Identificar o significado xeral, as ideas principais e a maioría das informacións específicas en textos impresos ou dixitais, moi curtos e simples, con estruturas simples e léxico de uso moi frecuente, sobre temas familiares e cotiás, sempre que se poda ser relido ou pedir aclaracións e se conte con apoio visual e contextual.	- Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo sinxelo coma menús ou anuncios.
- Recoñecer un repertorio limitado de léxico escrito de alta frecuencia relativo á situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados coas súas experiencias, necesidades e intereses, e inferir o contexto e a información contida no texto os significados probables de palabras e expresións que se descoñecen.	- Comprende o esencial e os puntos principais de noticias moi breves e artigos de revistas infantís que tratan temas que lle sexan familiares ou sexan do seu interese (animais, deportes, grupos musicais, xogos de ordenador).

- Construír, en papel ou electrónicamente, textos moi curtos e moi simples, composto de frases simples illadas, nun rexistro neutro ou informal, usando con certa frecuencia a forma correcta de convencións ortográficas básicas e principais símbolos de puntuación, para falar de si mesmo, do seu contorno inmediato e os aspectos da súa vida cotidiá, en situacións moi familiares e previsíbeis.	- É capaz de construir textos narrativos sinxelos partindo de modelos e/ou de esqueletos moi estruturados.
--	---

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	Procedementos: Debemos destacar o feito de que non se tratará dunha avaliación en sí, senón que será un trimestre no que se trata de fomentar as rutinas diarias e hábitos de estudo, fomentando a adquisición e reforzo de coñecementos e valorando o traballo e esforzo diarios . O proceso será simple, a mestra faralles chegar ás familias a súa proposta de traballo semanal, sempre de carácter opcional. A continuación esta correxiraos e informará ás familias dos resultados obtidos, os cales serán tidos en conta á hora de subir nota ao final do curso.
	Instrumentos: Os instrumentos dos que dispoñemos serán sobre todo de tipo telemático, aplicacións e páxinas web e internet, pero tamén recurriremos ao uso e traballo nos libros de texto que as familias mercaron ao comezo do curso, así como fichas de reforzo e ampliación e recursos varios na rede e o traballo na tablet mediante a aplicación snappet. A corrección das tarefas que o alumnado viranlle a demostrar á profesora se as explicacións dadas foron comprendidas e asimiladas correctamente.
Cualificación final	Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: A base de cualificación final será como mínimo a nota obtida no segundo trimestre. Isto quere dicir que en ningún caso se poderá obter unha nota inferior a esta, pero si se lles dará aos alumnos a posibilidade de subila (ata un máximo dun punto) mediante a entrega das tarefas propostas e a boa praxis delas. Valorarase por tanto positivamente o esforzo realizado e o hábito de traballo e estudo. E dado que non todos os nenos teñen as mesmas opcións, esta é unha das razóns polas que poderán entregar todo o traballo de xeito presencial en xuño de non podelo facer por vía telemática.
Proba extraordinaria de setembro	
Alumnado de materia pendente	Criterios de avaliación: Os criterios de avaliación virán marcados principalmente polas rutinas de traballo e polos hábitos de estudo diario que mostre cada alumno.
	Criterios de cualificación: A todos aqueles alumnos que teñan a asignatura suspensa na segunda avaliación daráselles a oportunidade de recuperala mediante a entrega

	das tarefas propostas pola mestra. Poderán subir un punto se ditas tarefas están correctamente realizadas.
	Procedementos e instrumentos de avaliación: A mestra da asignatura en cuestión proporalle a estes alumnos a realización de actividades e tarefas coas que repasen todos os contidos cos que tiñan dificultades na segunda avaliación. Ao recibilos de volta a docente corríxiraos e comprobará se o alumno foi quen de acadar ditos contidos e por conseguinte de recuperar esa materia non aprobada na anterior avaliación, de ser así poderá optar a subir nota e aprobar o terceiro trimestre.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	Levaranse a cabo actividades tanto orientadas para os nenos que poidan traballar con conectividade como outras para aqueles que non poidan disfrutar da conectividade suficiente como para poder levar estas a cabo. Con conectividade: Actividades tipo visionado de videos en youtube, realización de actividades e xogos online, actividades de creación e reprodución, traballo con snappet, actividades que conleven o uso de ferramentas de búsqueda e investigación mediante a web. Sen conectividade: Realización de traballo baseándose en fichas, recursos fotocopiables, libros, libreta ou tarefas que non requiran o uso de medios dixitais, tales como role plays ou uso de material reallia, creación de esquemas.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Tanto as actividades para aqueles alumnos con conectividade como para aqueles que non a teñan seránlle enviadas mediante os medios aos que cada un teña acceso, en función do que lle indiquen ao profesor. As principais vías para enviarlle traballo serán a páxina web do centro, e o e-mail, non obstante, se non houberse modo de que o alumnado puidese acceder a estes medios, usaríamos o e-mail ou o tokapp. O fin das actividades é que logren entender os contidos explicados e que os practiquen en exercicios de diferentes tipos. O ideal é que cando rematen lle fagan chegar ditas actividades ao profesor por vía e-mail, non obstante, para evitar a chamada “brecha dixital” tamén poderán facerllos chegar ao docente en xuño de maneira presencial. Unha vez recibidos, o mestre procederá á súa corrección, remitíndolla a cada familia pola vía pola que a recibiu e se é necesario acompañándoa de máis actividades que reforcen as carencias ou dúbidas que puidese observar. *Dado que as actividades propostas son de carácter opcional os pais son informados de que a idea é manter as rutinas e non perder coñecementos, pero a aqueles alumnos que estean suspensos daráselle opción de subir nota e recuperar materia non aprobada, e o modo de facelo será mediante a realización das actividades propostas.

Materiais e recursos	Youtube, libreta, libros, fichas, fotocopiables, snappet, tokapp, e-mail, reallia(recursos da vida cotiá que se poden atopar nos fogares)
-----------------------------	---

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	A continuación indico o procedemento que a profesora da materia de lingua inglesa empregará para informar ao alumnado. Todas as actividades propostas serán publicadas na web educativa do centro, de igual xeito procederase a informar aos pais mediante a aplicación tokapp school da existencia destas e o lugar onde atopalas. De non recibir notificación de haber sido recibido o mensaxe, chamarase a ditas familias ou enviaráselles un e-mail. Unha vez recibidas as actividades feitas polos alumnos por vía e-mail, o profesor corríxiraas, solucionará as posibles dúbidas que poidan xurdir e remitíralle o feedback de volta ás familias.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro. Como dixen anteriormente tanto as actividades propostas coma este documento de adaptación da programación didáctica estarán á disposición das familias na páxina web do centro.

EDUCACIÓN ARTÍSTICA	
1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
- Clasificar texturas, formas e cores atendendo a distintos criterios.	- Clasifica texturas e tonalidades de formas naturais e artificiais exploradas desde diferentes ángulos e posicións.
- Coidar o materia le os espazos e utilizalos axeitadamente.	- Coida e usa adecuadamente os recursos de traballo.
- Utilizar instrumentos, técnicas e materiais adecuados para alcanzar un produto artístico final.	- Utiliza cores (primarios e mesturados) e tonalidades cunha intención estética, manexando diferentes técnicas. - Manexa lapis de cores, témperas, rotuladores, sombreamento, acuarelas,... para a composición de obras. - Manexa material diverso nas producións plásticas, explorando diversas técnicas. - Manexa material diverso nas producións plásticas, explorando diversas técnicas e actividades manipulativas. - Usa a cuadrícula como referencia para copiar e representar modelos, de maneira proporcionada
- Usar as tecnoloxías da información e da comunicación para buscar material para as creacións propias ou colectivas.	- Usa as tecnoloxías da información e da comunicación para documentarse sobre o seu contexto cultural e artístico. - Usa as novas tecnoloxías da información e da comunicación para buscar material para as súas creacións artísticas.

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

2.Avaliación e cualificación	
Avaliación	Procedementos: Debemos destacar o feito de que non se tratará dunha avaliación en sí, senón que será un trimestre no que se trata de fomentar as rutinas diarias e hábitos de estudo, fomentando a adquisición e reforzo de coñecementos e valorando o traballo e esforzo diarios . O proceso será simple, a mestra faralles chegar ás familias a súa proposta de traballo semanal, sempre de carácter opcional. A continuación esta correxiraos e informará ás familias dos resultados obtidos, os cales serán tidos en conta á hora de subir nota ao final do curso.
	Instrumentos: Os instrumentos dos que dispoñamos serán sobre todo de tipo telemático, aplicacións e páxinas web e internet, pero tamén recurriremos ao uso e traballo nos libros de texto que as familias mercaron ao comezo do curso, así como fichas de reforzo e ampliación e recursos varios na rede e o traballo na tablet mediante a aplicación snappet. A corrección das tarefas que o alumnado viranlle a demostrar á profesora se as explicacións dadas foron comprendidas e asimiladas correctamente.
Cualificación final	Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: A base de cualificación final será como mínimo a nota obtida no segundo trimestre. Isto quere dicir que en ningún caso se poderá obter unha nota inferior a esta, pero si se lles dará aos alumnos a posibilidade de subila (ata un máximo dun punto) mediante a entrega das tarefas propostas e a boa praxis delas. Valorarase por tanto positivamente o esforzo realizado e o hábito de traballo e estudo. E dado que non todos os nenos teñen as mesmas opcións, esta é unha das razóns polas que poderán entregar todo o traballo de xeito presencial en xuño de non podelo facer por vía telemática.
Proba extraordinaria de setembro	

Alumnado de materia pendiente	Criterios de avaliación: Os criterio de avaliación virán marcados principalmente polas rutinas de traballo e polos hábitos de estudo diario que mostre cada alumno.
	Criterios de cualificación: A todos aqueles alumnos que teñan a asignatura suspensa na segunda avaliación daráselles a oportunidade de recuperala mediante a entrega das tarefas propostas pola mestra. Poderán subir un punto se ditas tarefas están correctamente realizadas.
	Procedementos e instrumentos de avaliación: A mestra da asignatura en cuestión proporalle a estes alumnos a realización de actividades e tarefas coas que repasen todos os contidos cos que tiñan dificultades na segunda avaliación. Ao recibilos de volta a docente corruxiraos e comprobará se o alumno foi quen de acadar ditos contidos e por conseguinte de recuperar esa materia non aprobada na anterior avaliación, de ser así poderá optar a subir nota e aprobar o terceiro trimestre.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	Levaranse a cabo actividades tanto orientadas para os nenos que poidan traballar con conectividade como outras para aqueles que non poidan disfrutar da conectividade suficiente como para poder levar estas a cabo. Con conectividade: Actividades tipo visionado de videos en youtube, realización de actividades e xogos online, actividades de creación e reprodución, traballo con snappet, actividades que conleven o uso de ferramentas de búsqueda e investigación mediante a web. Sen conectividade: Realización de traballo baseándose en fichas, recursos fotocopiabiles, libros, libreta ou tarefas que non requiran o uso de medios dixitais, tales como role plays ou uso de material realia, creación de esquemas.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Tanto as actividades para aqueles alumnos con conectividade como para aqueles que non a teñan seránlle enviadas mediante os medios aos que cada un teña acceso, en función do que lle indiquen ao profesor. As principais vías para enviarlles traballo serán a páxina web do centro, e o e-mail, non obstante, se non houberse modo de que o alumnado puidese acceder a estes medios, usaríamos o e-mail ou o tokapp. O fin das actividades é que logren entender os contidos explicados e que os practiquen en exercicios de diferentes tipos. O ideal é que cando rematen lle fagan chegar ditas actividades ao profesor por vía e-mail, non obstante, para evitar a chamada "brecha dixital" tamén poderán facerllos chegar ao docente en xuño de maneira presencial. Unha vez recibidos, o mestres procederá á súa corrección, remitíndolla a cada familia pola vía pola que a recibiu e se é necesario acompañándoa de máis actividades que reforcen as carencias ou dúbidas que puidese observar.

	*Dado que as actividades propostas son de carácter opcional os pais son informados de que a idea é manter as rutinas e non perder coñecementos, pero a aqueles alumnos que estean suspensos daráselle opción de subir nota e recuperar materia non aprobada, e o modo de facelo será mediante a realización das actividades propostas.
Materiais e recursos	Youtube, libreta, libros, fichas, fotocopiables, snappet, tokapp, e-mail, reallia(recursos da vida cotiá que se poden atopar nos fogares)

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	A continuación indico o procedemento que a profesora da materia de lingua inglesa empregará para informar ao alumnado. Todas as actividades propostas serán publicadas na web educativa do centro, de igual xeito procederase a informar aos pais mediante a aplicación tokapp school da existencia destas e o lugar onde atopalas. De non recibir notificación de haber sido recibido o mensaxe, chamarase a ditas familias ou enviaráselles un e-mail. Unha vez recibidas as actividades feitas polos alumnos por vía e-mail, o profesor corraxiraas, solucionará as posibles dúbidas que poidan xurdir e remitiralle o feedback de volta ás familias.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro. Como dixen anteriormente tanto as actividades propostas coma este documento de adaptación da programación didáctica estarán á disposición das familias na páxina web do centro.

1.DATOS XERAIS 3º EP.

CENTRO	CEIP PLURILINGÜE CASTRELO DO VAL	NIVEL	TERCEIRO
ETAPA	EDUCACIÓN PRIMARIA	MATERIA	Música
OBSERVACIÓNS			
VÍAS DE COMUNICACIÓN:	O sistema de comunicación empregado, son: • A páxina web do cole https://educastrelo.com. • A aplicación Tokappschool. • O correo corporativo da Xunta de Galicia.		

2. CONCRECIÓN CURRICULAR.

CRITERIOS AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
Identificar as calidades en sons da natureza, do ambiente e do ámbito, tras a súa exploración auditiva.	Valora o silencio como necesario para a audición musical.
	Describe, oralmente e por escrito, algunhas calidades dos sons escoitados.
Recoñecer diferentes tipos de voz auditivamente.	Coñece a diferenza entre as voces femininas, as masculinas e as brancas.
	Discrimina e clasifica en familias (corda, vento e percusión) os instrumentos que participan nunha obra musical orquestral.
Identificar elementos utilizados na representación gráfica convencional da música utilizando de forma apropiada termos técnicos propios da linguaxe musical.	Le e interpreta unha partitura sinxela escrita en linguaxe musical convencional en clave de sol.
	Interpreta correctamente figuras e silencios de redonda, branca, negra e corchea.
Recoñece por medio de imaxes e clasifica os instrumentos en familias nomeando algún deles.	Discrimina e clasifica en familias (corda, vento e percusión) os instrumentos que lle son mostrados fisicamente ou por medio de imaxes.
Utilizar o corpo como expresión de sentimentos, emocións e imaxinación con control postural e coordinación coa música.	Adecúa o xesto ao texto da canción.

3. METODOLOXÍA / ACTIVIDADES

		ACTIVIDADES	TIPO	MATERIAIS E RECURSOS
METODOLOXÍA	ALUMNADO con conectividade	• Actividades online. • Vídeos explicativos.	☐ RECUPERACIÓN ☒ REPASO ☒ REFORZO ☐ AMPLIACIÓN	• Dispositivo electrónico (móbil, tablet, ordenador,...) • Material audiovisual.
	ALUMNADO sen conectividade)	Non se deu o caso		-----

4. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.

AVALIACIÓN		
PROCEDEMENTOS	INSTRUMENTOS	CUALIFICACIÓN FINAL
• Visualización de vídeos. • Conversas por email.	• Vídeos do traballo realizado. • Correo electrónico	Será a mesma que no 2º trimestre coa posibilidade de subir un punto máis polo esforzo realizado.

ALUMNADO CON MATERIA PENDENTE		
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
Non se dá o caso		

5. DIFUSIÓN E PUBLICIDADE.

INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

Información ao alumnado e ás familias

Esta información darase a través das seguintes canles:

- Páxina web do cole <https://educastrelo.com>
- Aplicación Tokappschool.
- Correo corporativo da Xunta.

Publicidade

Publicarase este documento na páxina web do centro:

1.DATOS XERAIS.

CENTRO	CEIP PLURILINGÜE CASTRELO DO VAL	NIVEL	TERCEIRO
ETAPA	EDUCACIÓN PRIMARIA	MATERIA	Educación Física
OBSERVACIÓNS	É unha aula mixta con 17 nenos e nenas, 9 de 3º de EP e 8 de 4º de EP.		
VÍAS DE COMUNICACIÓN:	O sistema de comunicación empregado, son: • A páxina web do cole https://educastrelo.com. • A aplicación Tokappschool. • O correo corporativo da Xunta de Galicia.		

2. CONCRECIÓN CURRICULAR.

CRITERIOS AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
• 1. Coñecer a diversidade de actividades físicas, lúdicas e deportivas, en especial as de Galicia.	• 1.1. Recoñece xogos e deportes tradicionais de Galicia.
• 2. Aceptar e respectar a propia realidade corporal e a dos e das demais.	• 2.1. Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos e nenas da clase.
• 3. Manifestar respecto cara ao contorno e o medio natural nos xogos e actividades ao aire libre, identificando e realizando accións concretas dirixidas á súa preservación.	• 3.1. Faise responsable da eliminación dos residuos que se xeran nas actividades no medio natural.
• 4. Buscar e presentar información e compartila, utilizando fontes de información determinadas e facendo uso das tecnoloxías da información e a	• 4.1. Utiliza as novas tecnoloxías para localizar a información que se lle solicita.

comunicación como recurso de apoio á área.	4.2. Presenta os seus traballos atendendo as pautas proporcionadas, con orde, estrutura e limpeza. 4.3. Expón as súas ideas expresándose de forma correcta en diferentes situacións e respecta as opinións dos e das demais.
	5. Relacionar os conceptos específicos de Educación física e os introducidos noutras áreas coa práctica de actividades artístico-expresivas. 5.1. Comeza a recoñecer algunha capacidade física básica implicada nas actividades artísticas.
6. Relacionar os conceptos específicos de Educación física e os introducidos noutras áreas coa práctica de actividades físico-deportivas. 6.1. Comeza a recoñecer algunha capacidade física básica implicada nos xogos e actividades deportivas.	7.1. Mantense en equilibrio sobre distintas bases de sustentación en diferentes posturas e posicións, durante un tempo determinado.
7. Coñecer a estrutura e funcionamento do corpo para adaptar o movemento ás circunstancias e condicións de cada situación, sendo capaz de representar mentalmente o seu corpo na organización das accións motrices. 8. Opinar tanto desde a perspectiva de participante como de espectador ou espectadora, ante as posibles situacións conflictivas xurdidas, participando en debates, e aceptando as opinións dos e das demais.	8.1. Investiga, reflexiona e debate de forma guiada sobre distintos aspectos da moda e a imaxe corporal dos modelos publicitarios. 8.2. Recoñece as condutas inapropiadas que se producen na práctica deportiva.

3. METODOLOXÍA / ACTIVIDADES

		ACTIVIDADES	TIPO	MATERIAS E RECURSOS
METODOLOXÍA	ALUMNADO con conectividade	- Actividades online. - Vídeos explicativos.	☐ RECUPERACIÓN	- Dispositivo electrónico (móbil, tablet, ordenador, ..) - Material audiovisual.
	ALUMNADO sen conectividade)	Non se deu o caso	☒ REPASO ☒ REFORZO ☐ AMPLIACIÓN	-----

4. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.

AVALIACIÓN		
PROCEDEMENTOS	INSTRUMENTOS	CUALIFICACIÓN FINAL
• Visualización de vídeos. • Conversas por email.	• Vídeos do traballo realizado. • Correo electrónico	Será a mesma que no 2º trimestre coa posibilidade de subir un punto máis polo esforzo realizado.

ALUMNADO CON MATERIA PENDENTE		
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
Non se dá o caso		

5. DIFUSIÓN E PUBLICIDADE.

INFORMACIÓN E PUBLICIDADE	
Información ao alumnado e ás familias	Esta información darase a través das seguintes canles: - Páxina web do cole https://educastrelo.com - Aplicación Tokappschool. - Correo corporativo da Xunta.
Publicidade	Publicarase este documento na páxina web do centro: